

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN CRUZ VERMELLA DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS E TRASTORNOS ADICTIVOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo, asinaron o 10/3/20 un convenio de colaboración cuxo obxecto é o desenvolvemento, por parte da Asociación Cruz Vermella de Lugo, de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos derivados de uso de drogas atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

No desenvolvemento da súa actividade se colaborará cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes especialmente no tocante a patoloxías de elevada comorbilidade como as enfermidades transmisibles, e a enfermidade mental (patoloxía dual).

As persoas usuarias contarán cun programa de tratamento actualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no Plan Anual de Formación que se deseñe segundo o previsto no Plan de Trastornos Adictivos da Comunidade Autónoma, tanto informando das necesidades detectadas no seu ámbito de actuación como na coordinación dos programas formativos.

Dada a especificidade técnica que requiren os devanditos programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de prevención e incorporación social do Plan de Galicia sobre Drogas obxecto do convenio, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio indicado no encabezamento, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo